



DECLARADA DE UTILIDAD PÚBLICA

FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓN DE PERSOAS XORDAS DE GALICIA

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS E A FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓN DE PERSOAS XORDAS DE GALICIA

Santiago de Compostela, 29 de xuño de 2022

Dunha parte, D. Iker Sertucha Lista, presidente da Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia -en adiante FAXPG-, nomeado en Asemblea Xeral do 22 de Xaneiro de 2022, con CIF G-15068091 e enderezo social na rúa Félix Estrada Catoira, 3-Baixo Dereita (A Coruña), exercendo as atribucións que os estatutos lle confiren por razón do seu cargo.

Doutra parte, D. Alberto Varela Paz, presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias -en adiante FEGAMP-, nomeado na X Asemblea Xeral da FEGAMP celebrada o día 29 de novembro de 2019, e con enderezo social en Rúa de Varsovia, 4C, 6ª planta (Santiago de Compostela), exercendo as atribucións que os estatutos lle confiren por razón do seu cargo.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das súas facultades que para convir no nome das entidades que representan, teñen conferidas e

EXPOÑEN

PRIMEIRO

Que FAXPG é unha entidade sen ánimo de lucro fundada en 1979 e ten como misión acadar o desenvolvemento integral das persoas xordas de Galicia, en condicións de accesibilidade universal, preservando a LSE como o noso valor principal. Na actualidade, está integrada por oito asociacións:

- Asociación de persoas xordas de A Coruña.
- Asociación de persoas xordas de Vigo.
- Asociación de persoas xordas de Ourense
- Asociación de persoas xordas de Lugo.
- Asociación de persoas xordas de Santiago de Compostela.
- Asociación de persoas xordas de Ferrol.
- Asociación de persoas xordas de Pontevedra.
- Asociación galega de familias con membros e rapazada xordos ou con discapacidade auditiva.

SEGUNDO

Que a FAXPG aprobou na súa asemblea de 22 de xaneiro de 2022 o seu plan estratéxico para os anos 2022-23, nos que establece como accións específicas con ámbito de actuación concreto nos concellos de Galicia, as seguintes:

- 2.1.1. Incidir sobre criterios de calidade e requisitos de accesibilidade na contratación pública con prioridade en licitacións no ámbito da comunicación/información pública ao cidadán e licitacións e/ou concertos sociais vinculadas a servizos sociais e socio sanitarios.
- 2.1.2 Acordos con entidades públicas para que as edificacións de atención cidadá dispoñan de medidas de accesibilidade segundo a lei 10/2014 de Accesibilidade de Galicia e o seu regulamento.
- 2.1.3 Fomentar a accesibilidade en concellos de Galicia vinculado á Liña I3 dos proxectos derivados dos fondos de resiliencia: “Plan de mellora da accesibilidade en concellos de Galicia” (BOE do 25/09/2021).
- 2.1.6 Aumentar a vídeo-interpretación como forma de contacto con entidades públicas e privadas.
- 3.2.1. Campañas de visibilización das persoas xordas nos concellos de Galicia. Promoción da corresponsabilidade pública na atención a persoas xordas.

TERCEIRO

Que a FAXPG trata de velar polo cumprimento da lei 10/2014, de 3 de decembro, de Accesibilidade, especialmente en referencia aos contidos que se recollen no Capítulo IV (Disposicións sobre accesibilidade na comunicación).

CUARTO

Que a FEGAMP é unha asociación de entes locais de Galicia. Entre os seus fins atópase o fomento e a defensa da autonomía das entidades locais e promover, representar e defender os intereses das mesmas ante outras administracións públicas.

Está lexitimada para firmar o presente convenio amparada nos seus Estatutos, aprobados na Asemblea ordinaria de data 4 de decembro de 2003 na lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e na lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia, que establece que a FEGAMP terá as facultades establecidas na dita lei e as derivadas da súa representatividade.

Así mesmo, respecta a autonomía local de cada un dos seus asociados e centra o seu labor diario nas funcións recollidas nos seus Estatutos fundacionais:

- Fomentar e defender a autonomía das Entidades Locais
- Promover, representar e defender os intereses das Entidades Locais ante outras administracións públicas.
- Calquera outro que afecte ou incida de forma directa ou indirecta aos seus asociados ou á propia Federación.

Con esta finalidade, a FEGAMP ten capacidade para:

- Facilitar intercambios de información mutua.
- Constituír servizos de asesoramento e asistencia para os seus membros.
- Organizar e participar en reunións, seminarios, congresos e xornadas de estudo e orientación.
- Dirixirse aos poderes públicos, intervindo, no seu caso, na formulación da normativa legal que afecta aos Entes Locais.
- Promover publicacións, estudos e documentos informativos na materia da súa competencia.

QUINTO

Que o XII Pleno da Federación Española de Municipios e Provincias asumiu un compromiso político e ético coa “Axenda 2030” para convertela nunha prioridade estratéxica a nivel nacional e internacional segundo a súa propia declaración. A FEGAMP, como parte integrante da federación española, asume o mesmo compromiso.

SEXTO

Que, no marco da “Axenda 2030”, as dúas entidades conflúen no seu interese por contribuír aos obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS) no seu ámbito de actuación, que se concretan na implicación por desenvolver a medida 10, vinculada á redución da desigualdade e, de forma específica, a:

10.3 Garantir a igualdade de oportunidades e reducir a desigualdade de resultados, incluso eliminando as leis, políticas e prácticas discriminatorias e fomentando lexislacións, políticas e medidas axeitadas.

SÉTIMO

Que é competencia das administracións públicas cumprir co compromiso establecido pola Convención das Nacións Unidas sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade, de 13 de decembro de 2006 (ratificada polo Estado español e publicada no BOE o 21 de abril de 2008), de promover, protexer e asegurar o pleno desfrute dos dereitos humanos e liberdades fundamentais en condicións de igualdade por parte das persoas con discapacidade e de promover o respecto á súa dignidade inherente. Tamén, cumprir cos compromisos da lei 10/2014, de 3 de decembro, de Accesibilidade, así como da lei 27/2007, de 23 de outubro, pola que se recoñecen as Linguas de Signos Españolas e se regulan os Medios de Apoio á Comunicación Oral das Persoas Xordas, con Discapacidade Auditiva e Xordocegas.

OITAVO

Que a través do presente convenio se establecen as intencións que ambas entidades teñen de colaborar no camiño cara a:

- O cumprimento da lei 10/2014, de 3 de decembro, de Accesibilidade, así como da lei 27/2007, de 23 de outubro, pola que se recoñecen as Linguas de Signos Españolas e se regulan os Medios de Apoio á Comunicación Oral das Persoas Xordas, con Discapacidade auditiva e Xordocegas.
- O impulso da medida 10.3 do ODS “Reducir as desigualdades”.

En base ao exposto, as partes asinan de común acordo o presente convenio, segundo as seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. FINALIDADE DO CONVENIO DE COLABORACIÓN

A través do presente convenio establécese unha canle de colaboración para achegar aos concellos de Galicia as actuacións e iniciativas da FAXPG en relación os obxectivos mencionados, así como ofrecer aos mesmos os servizos de información e asesoramento da FAXPG encamiñados ao fomento da accesibilidade no ámbito da súa actuación.

SEGUNDA. COMPROMISOS POR PARTE DA FAXPG

A FAXPG facilitará a accesibilidade dos principais contidos na páxina *web* da FEGAMP en lingua de signos Española, co fin de que as persoas xordas, usuarias desta lingua, poidan acceder á información de forma totalmente accesible, segundo marca a normativa vixente.

A FAXPG terá un enlace directo coa páxina da FEGAMP co fin de facilitar ás persoas xordas que así o desexen as actividades, tanto da propia entidade como, a través dela, dos Concellos e Deputacións de Galicia.

A FAXPG ofrecerá información e asesoramento especializado aos concellos de Galicia sobre recursos de accesibilidade para persoas xordas no ámbito da atención á cidadanía dos concellos galegos.

TERCEIRA. COMPROMISOS POR PARTE DA FEGAMP

A FEGAMP, a través da súa páxina *web*, terá un enlace directo á páxina *web* da FAXPG co fin de que as persoas xordas, residentes nos diferentes concellos de Galicia, poidan acceder directamente á información que a FAXPG ofrece a dito colectivo.

A FEGAMP comprométese a colgar na súa páxina *web* o catálogo de servizos da FAXPG.

A FEGAMP colaborará coa FAXPG na difusión sobre criterios de accesibilidade en condicións de calidade, no ámbito das licitacións públicas dos concellos de Galicia.

CUARTA. COMISIÓN MIXTA

Para o seguimento e control dos acordos adoptados neste protocolo constituirase unha comisión mixta formada por un representante da FAXPG e outro da FEGAMP.

QUINTA. VIXENCIA DO CONVENIO

O presente convenio terá vixencia desde o día seguinte da súa formalización e estenderá a súa vixencia ata o día no que se cumpra un ano desde a súa vixencia, sen prexuízo da súa prórroga mediante acordo expreso e unánime das partes por períodos anuais ata un máximo de catro anualidades, tendo en conta o disposto no artigo 49.h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

SEXTA. NATUREZA XURÍDICA

Este convenio ten natureza administrativa e rexerese pola lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, e polas demais normas de dereito administrativo e, no seu defecto, polas normas de dereito privado.

SÉTIMA. PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos); da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais; do Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de Desenvolvemento da LOPD, e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

OITAVA. MODIFICACIÓN E RESOLUCIÓN

1. A modificación do presente convenio requirirá a conformidade das entidades asinantes e formalizarase mediante a subscripción da correspondente addenda ao mesmo.

2. O convenio poderá resolverse por algunha das seguintes causas:

- 1ª. Dificultades insuperables debidamente xustificadas que impidan levar a bo termo as actividades estipuladas.
- 2ª Por incumprimento dos compromisos acordados, non emendado no prazo de 30 días hábiles dende o requirimento escrito da outra parte.

A resolución anticipada do convenio non afectará as actividades iniciadas e pendentes de finalización, de acordo co contido deste e dos acordos específicos que se subscriban no seu desenvolvemento.

NOVENA. XURISDICIÓN

As dúas partes comprométense a resolver de común acordo todas as cuestións de interpretación e seguimento, así como a resolución de cantos conflitos puideran xurdir no seu desenvolvemento.

En defecto de acordo, as controversias que poidan xurdir entre as partes resolveranse polos Xulgados e Tribunais do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, aos que ambas partes se someten expresamente.

En proba de conformidade de canto antecede, subscriben o presente convenio mediante sinatura dixital.

Pola FEGAMP: D. Alberto Varela Paz, presidente

Pola FAXPG: D. Iker Sertucha Lista, presidente